

**FEDERACION GALEGA DE DEPORTES PARA XORDOS  
(FEGADEX)**

***NORMATIVA XERAL DE  
DISCIPLINA DEPORTIVA***

**Tempada 2011-2012**

## **INTRODUCCIÓN**

- A-** A Normativa Xeral de Disciplina Deportiva ten como fin mellorar e perfeccionar o comportamento deportivo dos CLUBES, así coma o dos seus deportistas, afiliados á Federación Galega de Deportes para Xordos (en adiante FEGADEX), nas diversas competicións e modalidades deportivas que se desenrolan ó longo da tempada deportiva.
- B-** A Normativa Xeral de Disciplina Deportiva non ten relación nin semellanza cas posibles sancións deportivas ou económicas que poidan darse durante o transcurso dunha competición e que veñen desenroladas na normativa específica de cada modalidade deportiva.
- C-** O cumprimento dos puntos expostos neste documento será de obrigaición para tódalas partes implicadas, afiliadas ou que manteñan un lazo de unión no funcionamento da FEGADEX.
- D-** Os comportamentos de indisciplina deportiva ou o incumprimento das normas que aquí se expoñen serán valorados, interpretados, debatidos e sancionados polo Comité de Disciplina Deportiva da FEGADEX.
- E-** Para poder valorar, interpretar, debatir e sancionar, o Comité de Disciplina Deportiva da FEGADEX deberá recibir por medios escritos, audiovisuais ou humanos (ésta última mediante cita previa) os actos de indisciplina por parte dos membros da FEGADEX, dos CLUBES ou dos deportistas, según quen sexa o suxeito.
- F-** As sancións do Comité de Disciplina Deportiva da FEGADEX poderán ser de dous tipos, deportivas e/ou económicas, independentemente da sanción deportiva ou económica específica de cada modalidade.
- G-** As sancións do Comité de Disciplina Deportiva da FEGADEX poderán ser recurridas mediante o recurso de inconformidade adecuadamente presentado por medios escritos ou audiovisuais. O recurso de inconformidade non garante o levantamento da sanción.

## **NORMATIVA XERAL DE DISCIPLINA DEPORTIVA**

- 1.-** A Liga, a Copa Xunta ou outra competición correspondente a cada modalidade deportiva rexiranse polo calendario e o formato aprobado pola Asamblea Xeral non podendo seren modificados agás por causas de forza maior e pola Comisión Delegada.
- 2.-** A FEGADEx non ten a obriga de asistir ós eventos deportivos aínda que ten total capacidade para asistir a eles (como mero observador) e tomar decisións de emerxencia en circunstancias especiais.
- 3.-** O principal responsable do desenvolvemento da competición deportiva será o CLUBE anfitrión podendo a FEGADEx colaborar no caso de ser necesario.
- 4.-** Os CLUBES serán os responsables de levar a cabo as xestións necesarias para a organización e o desenvolvemento daquela modalidade deportiva e tipo de competición que se lles otorgara.
- 5.-** As xestións necesarias inclúen todo aquilo necesario para levar a cabo unha competición en óptimas condicións, é dicir, recinto deportivo adecuado, árbitro profesional (no seu caso), materiais en bo estado, etc.
- 6.-** Toda competición oficial que se rixa por esta Normativa, deberá contar cun Comité que se denominará Organizador e que estará constituído, entre outros membros, por un Xuiz Árbitro, quenes serán os responsables de levar a cabo a competición dentro do establecido polo presente Regulamento.
- 7.-** Toda competición autorizada deberá desenvolverse baixo o control dun Xuiz Árbitro autorizado. Enténdese por autorizado o ser designado pola FEGADEx a proposta do Comité Organizador. O Xuiz Árbitro enviará os resultados da competición dentro dos seguintes tres (3) días naturais á finalización da competición.
- 8.-** Os CLUBES informarán, mínimo cinco (5) días antes, da data de competición a tódolos CLUBES e á FEGADEx do lugar e a hora da celebración do mesmo.
- 9.-** Pola súa parte os CLUBES deberán presentar á FEGADEx o listado de deportistas que participarán nas distintas competicións antes do comezo da tempada, unha vez aprobada pola asamblea correspondente, como mínimo quince (15) días, na

que se emitirá unha licenza válida para tódolos deportes que organice esta FEGADEX.

- 10.-** O Clube que participe nalgunha modalidade organizada por esta FEGADEX, deberá enviar relación de deportistas que participarán nas distintas competicións antes de cinco (5) días do inicio do deporte, que será válido para toda a tempada deportiva tanto como Copa Xunta como o de Liga.
- 11.-** O CLUBE organizador ou anfitrión será o encargado de manter o orden, a boa conducta e guiar ó resto de deportistas ó lugar de competición, facilitalos materiais, as chaves dos vestiarios, etc. segundo a modalidade deportiva que corresponda.
- 12.-** Os deportistas teñen a obriga de presentárense no lugar da competición como mínimo quince (15) minutos antes do inicio da mesma, agás que por causas de forza maior non poida asistir ou chegar á hora. Nese caso terá un marxen de diez (10) minutos a partir da hora de comezo para presentarse no lugar. Se non o fai non poderá participar.
- 13.-** Os deportistas en ningún caso poderán adulterar nin suspender a competición.
- 14.-** Se algún deportista quere realizar unha protesta ou reclamación, ésta debe ir dirixida á sede da FEGADEX por medio do seu CLUBE ou como deportista particular, de forma escrita, audiovisual ou humana, ésta última con cita previa.
- 15.-** Se algún CLUBE quere realizar unha protesta ou reclamación, ésta debe ir dirixida á sede da FEGADEX de forma escrita, audiovisual ou humana, ésta última con cita previa.
- 16.-** Se algún deportista ou CLUBE quere reunirse con algún membro da FEGADEX por temas relacionados cas actividades deportivas que se están levando a cabo deberá enviar un escrito á sede da entidade solicitando cita e o motivo da mesma.
- 17.-** Se algún deportista ou CLUBE non cumpre co establecido nos puntos 12, 13 e 14 entenderase que está cometendo un acto de indisciplina e, como consecuencia, poderá ser sancionado.
- 18.-** Quedan terminantemente prohibidos todos aqueles actos ou feitos que interfiran, suspendan ou interrompan as actividades deportivas.

- 19.-** A xuízo da FEGADEX, os deportistas, CLUBES, ou outros membros que manteñan relación algunha coa FEGADEX que ofendan ou que irrespeten, en calquera forma á institución, ou ós seus membros; serán obxecto de sancións disciplinarias.
- 20.-** Os deportistas, CLUBES, e demais membros da FEGADEX, velarán pola protección e conservación dos materiais, deportivos ou non deportivos, e en consecuencia, non poderán ser tomados ou usados para uso persoal.
- 21.-** Os deportistas teñen a obriga de identificarse coa súa respectiva licencia cando así o exixan os membros da FEGADEX ou os CLUBES organizadores de determinado campeonato.
- 22.-** Os deportistas gardarán o debido respecto e acatamento ós membros da FEGADEX, e no seu caso, ó CLUBE organizador.
- 23.-** O respecto recíproco entre deportistas, CLUBES, etc. é na FEGADEX unha exixencia.
- 24.-** Para que un deportista poida proclamarse gañador dunha competición tería que ter disputado tanto a ida como a volta desa competición. Só admitirase se se presenta o xustificante correspondente.
- 25.-** Os deportistas, membros dun CLUBE, ou membros da FEGADEX, etc. Que se presenten bébedos ou baixo a influencia de substancias tóxicas, non poderán participar na competición a desenrolar e serán sancionados disciplinariamente.
- 26.-** É obriga rexirse polos principios de xogo limpo enmarcados no deporte nacional e internacional. Aqueles que non respeten estes principios serán sancionados.
- 27.-** A FEGADEX resérvase o dereito de interpretación de tódolos puntos que existen neste documento.
- 28.-** Referente ó horario das competicións deportivas acórdase comezar a partir das 10.00 horas os campionatos que se disputen de mañá, e a partir das 16.00 horas, para os partidos que se desenrolen pola tarde.
- 29.-** No caso de choiva seguirase coa competición, agás que o campo sexa impracticable, neste caso farase un receso dunha hora despois da cal comprobarase o estado do campo. Dependendo das condicións do mesmo continuarase coa competición ou non.

- 30.-** Cando fora necesario suspender unha competición por causas xustificables ou causas de forza maior, a FEGADEX non se fará responsable dos gastos ocasionados ós Clubes participantes, derivados da suspensión ou aprazamento desa competición. Cada Clube deberá correr cos gastos dos seus xogadores.
- 31.-** Cando unha competición organizada polo clube anfitrión (clube organizador) sexa suspendida por incompetencia na organización por parte dese clube. Allea ós outros clubes e deportistas participantes, e debendo volver a realizar esa competición noutra data a determinar pola FEGADEX; o clube anfitrión deberá resarcir os gastos ocasionados ós clubes e deportistas por ser un feito alleo a eles.
- 32.-** Todas estas disposicións poderán ser modificadas ou ampliadas pola FEGADEX dependendo dos intereses ou necesidades que favorezan o bo funcionamento das competicións deportivas así coma o bo comportamento dos CLUBES e dos seus respectivos deportistas.